MIES É +

TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Do 27 de febreiro ao 29 de maio de 2016
Dirixe: Fermín Blanco

MANIFESTA, IMAXINA, EXPERIMENTA, SINTE!

O arquitecto Fermín Blanco, a través do equipo didáctico de Sistema Lupo, propón unha serie de talleres de arquitectura dirixidos ao público infantil. O obxectivo é proporcionarlles aos nenos e nenas as claves necesarias para interpretar a arquitectura contemporánea mediante o legado das figuras máis relevantes do noso tempo neste eido.

O arquitecto David Antuña e a artista Rebeca Mariño introducirán os participantes no apaixonante mundo da arquitectura contemporánea. Cada taller estará dedicado a un autor representativo das diferentes xeracións de arquitectos desde as vangardas até a actualidade e desenvolverase atendendo á filosofía de cada creador.

O xogo será fundamental durante todas as sesións. Utilizarase a didáctica do Sistema Lupo tanto no tocante ao material como aos contidos. Este sistema comprende unha serie de pezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción. É unha didáctica experimental que fomenta a reflexión e a creatividade individuais ademais do traballo en equipo a través de dinámicas de construción a grande escala.

A metodoloxía inclúe unha parte teórica, onde se fará un achegamento á figura e ao pensamento de cada arquitecto, e posteriormente proporase unha serie de retos construtivos.

Este primeiro bloque de talleres, que terán lugar a última fin de semana de cada mes, estará dedicado á arquitectura-manifesto de Le Corbusier, ao idealismo de Jorn Utzon, ao carácter experimental de Frey Otto e á acción sensible de Kazuyo Sejima Saana.

MANIFIESTA, IMAGINA, EXPERIMENTA, SIENTE!

El arquitecto Fermín Blanco, a través del equipo didáctico de Sistema Lupo, propone una serie de talleres de arquitectura dirigidos al público infantil. El objetivo es proporcionar a los niños y niñas las claves necesarias para interpretar la arquitectura contemporánea mediante el legado de las figuras más relevantes de nuestro tiempo en este campo.

El arquitecto David Antuña y la artista Rebeca Mariño introducirán a los participantes en el apasionante mundo de la arquitectura contemporánea. Cada taller estará dedicado a un autor representativo de las diferentes generaciones de arquitectos desde las vanguardias hasta la actualidad y se desarrollará atendiendo a la filosofía de cada creador.

El juego será fundamental durante todas las sesiones. Se utilizará la didáctica del Sistema Lupo tanto en lo referido al material como a los contenidos. Este sistema comprende una serie de piezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporciones, juegos de equilibrio y estrategias de acción. Es una didáctica experimental que fomenta la reflexión y la creatividad individuales además del trabajo en equipo a través de dinámicas de construcción a gran escala.

La metodología incluye una parte teórica, donde se hará un acercamiento a la figura y al pensamiento de cada arquitecto, y posteriormente se planteará una serie de retos constructivos.

Este primer bloque de talleres, que se celebrará el último fin de semana de cada mes, estará dedicado a la arquitectura-manifiesto de Le Corbusier, al idealismo de Jorn Utzon, al carácter experimental de Frey Otto y a la acción sensible de Kazuyo Sejima Saana.

MANIFESTA

Le Corbusier. A arquitectura en cinco puntos

Días: 27 e 28 de febreiro
Sábado 27, para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo 28, para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Horario: 11:30-13:30 h
Prazas: 10

IMAXINA

Jorn Utzon. A idea construída

Días 2 e 3 de abril
Sábado 2, para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo 3, para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Horario: 11:30-13:30 h
Prazas: 10

EXPERIMENTA

Frey Otto. Aprendendo da natureza

Días 30 de abril e 1 de maio
Sábado 30, para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo 1, para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Horario: 11:30-13:30 h
Prazas: 10

SINTE

Kazuyo Sejima SANAA. Da tradición á vangarda

Días 28 e 29 de maio
Sábado 28, para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo 29, para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Horario: 11:30-13:30 h
Prazas: 10

MANIFESTA

Le Corbusier. La arquitectura en cinco puntos

Días: 27 y 28 de febrero
Sábado 27, para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo 28, para niños y niñas de 9 a 11 años
Horario: 11:30-13:30 h
Plazas: 10

IMAGINA

Jorn Utzon. La idea construida

Días 2 y 3 de abril
Sábado 2, para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo 3, para niños y niñas de 9 a 11 años
Horario: 11:30-13:30 h
Plazas: 10

EXPERIMENTA

Frey Otto. Aprendiendo de la naturaleza

Días 30 de abril y 1 de mayo
Sábado 30, para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo 1, para niños y niñas de 9 a 11 años
Horario: 11:30-13:30 h
Plazas: 10

SIENTE

Kazuyo Sejima SANAA. De la tradición a la vanguardia

Días 28 y 29 de mayo
Sábado 28, para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo 29, para niños y niñas de 9 a 11 años
Horario: 11:30-13:30 h
Plazas: 10

INSCRICIÓN

Todos os talleres son gratuítos. As solicitudes de inscrición poderán presentarse a partir do 11 de febreiro a través do correo electrónico cgac.educacion@xunta.es.

As solicitudes deberán indicar os seguintes datos: nome completo e idade dos participantes, número de teléfono e enderezo de correo electrónico de contacto, e nome do taller o que desexan asistir. Poderase inscribir a un máximo de dous participantes mediante cada solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición.

As persoas solicitantes recibirán unha notificación por correo electrónico.

COORDINACIÓN: Virginia Villar
IMPARTEN: David Antuña, arquitecto, e Rebeca Mariño, artista

INSCRIPCIÓN

Todos los talleres son gratuitos. Las solicitudes de inscripción podrán presentarse a partir del 11 de febrero a través del correo electrónico cgac.educacion@xunta.es.

Las solicitudes deberán indicar los siguientes datos: nombre completo y edad de los participantes, número de teléfono y dirección de correo electrónico de contacto, y nombre del taller al que desean asistir. Se podrá inscribir a un máximo de dos participantes mediante cada solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción.

Las personas solicitantes recibirán una notificación por correo electrónico.

COORDINACIÓN: Virginia Villar
IMPARTEN: David Antuña, arquitecto, y Rebeca Mariño, artista

CGAC
SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.es
www.cgac.org
www.facebook.com/CGACSantiago
twitter @cgac_santiago

LUPO www.sistemalupo.com
XUNTA DE GALICIA galicia